



A Asociación de Escritoras e Escritores n Lingua Galega organiza, como xa fixo en anos anteriores, un completo programa de actos con motivo da celebración pública do Día de Rosalía

Sección: Linguas Cooficiales y Minoritarias
en 21 Feb, 2013 - 05:12

Alén das actividades propias, a AELG coorganiza con diversas institucións e colectivos sociais outros actos de recoñecemento da nosa escritora fundacional

A AELG propuxo aos centros do ensino a inclusión de actividades escolares na súa programación

Varios concellos adiantan a mañá os seus actos de celebración

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega organiza, como xa fixo en anos anteriores, un completo programa de actos con motivo da celebración pública do Día de Rosalía, o vindeiro 24 de febreiro, data do seu nacemento. Recompilamos nesta nota de prensa os que se celebrarán, sobre todo nos centros de ensino, mañá venres, 22 de febreiro.

A AELG propuxo aos centros do ensino a inclusión de actividades escolares na súa programación, como lecturas e gravacións audiovisuais por parte do alumnado de poemas de Cantares gallegos. A iniciativa tivo tan boa acollida que son 73 os centros que están achegando os froitos do traballo de 80 grupos, froitos que permitirán mañá dispoñer de dúas lecturas colectivas íntegras deste poemario, e que xa se están recompilando no espazo web da Asociación [<http://www.aelg.org/GetActivityById.do?id=278>]. Vid. Anexo I (centros participantes, ordenados por concellos).

Outros centros comunicaron á AELG actividades de celebración:

En Sarria, O IES Gregorio Fernández desenvolverá un recital (pdf, jpg) ás 10.30.

Tamén o IES de Sanxenxo e no CPI As Revoltas, de Cabana de Bergantiños, así como o o IES de Becerreá no que o alumnado de ESO participará nun acto de lectura poética sobre a obra de Rosalía de Castro.

O CPR Cardenal Cisneros de Ourense organiza ás 12.00 unha lectura de Cantares Gallegos nas distintas linguas maternas dos alumnos do centro, aproveitando a interculturalidade do mesmo: galego, castelán, inglés, francés, wolof, portugués, rumano, árabe.

En San Sadurniño a homenaxe desenvolverase en dúas quendas a partir das 12.00. Nela participarán alumnos e profesores de Educación infantil e Primaria do C.P.I. que lerán a viva voz poemas de Rosalía Castro no salón de actos da Casa da Cultura. No acto tamén estará a poeta María Lado, quen fará unha intervención a medio camiño entre o literario e a animación á lectura. Ademais o Concello obsequiará os máis pequenos/as con libros que tratan sobre a figura e a obra de Rosalía.

No Concello de Fene, ás 12:00 h, nos CEIP de Centieiras, Os Casais e O Ramo; no CPI A Xunqueira; no IES de Fene e no Colexio "Jorge Juan" alumnado e comunidade educativa procederá á lectura simultánea de poemas de Cantares Gallegos.

Na cidade de Lugo oito centros de ensino (IES Lucus Augusti, IES Nosa Señora dos Ollos Grandes, IES Ánxel Fole, IES Xoán Montes, Colexio Maristas, Colexio San Xosé, CPR Fingoi e Colexio Divino Maestro) organizan un recitado no Parque de Rosalía, ás 12.00, no participan un total de 80 alumnas e alumnos en compañía de Marica Campo e Darío Xohán Cabana. O acto rematará cunha ofrenda floral. O CEIP de Prácticas de Ourense, celebrará o Día de Rosalía. Ao subir do recreo conectaranse todos os altofalantes das aulas, e os 678 alumnos e alumnas escoitarán un poema musicado interpretado por un mestra en prácticas, para logo o alumnado voluntario de 2º e 3º ciclos de Primaria ir polas aulas dos máis pequenos recitando e cantando poemas da nosa autora.

Tamén os concellos se están sumando a o Día de Rosalía de Castro, e mañá venres no Concello de Pontevedra terá lugar un acto literario e musical ás 20.00 no Teatro Principal.

E en Monforte, na Galería Sargadelos, a Asociación de amigos do viño da Ribeira Sacra promove unha lectura de Cantares Gallegos ás 20:15 (pdf, jpg)

Recordámoslles que o domingo 24, ás 12:00, no Panteón de Galegos Ilustres, a AELG desenvolverá o seu acto central onde serán lidos poemas de Cantares Gallegos, ademais da realización dunha ofrenda floral.